

RESOLUCIÓN, DO 22-05- 2020, DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE REINICIA A ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL NO CURSO 2019-2020, SE DETERMINAN AS INSTRUCCIÓNS PARA O QUE RESTA DO PRESENTE CURSO E SE ADOPTAN MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE PARA A REAPERTURA PARCIAL NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DEPENDENTES DA CONSELLERÍA [\(enlace ao PDF\)](#)

INDICACIÓNS ÁS FAMILIAS

- Non poden acudir ao centro os nenos/as con síntomas compatibles co COVID-19 o diagnosticados de COVID-19, o que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto con algunha persoa con síntomas o diagnosticado de COVID-19. Para isto, as familias vivirán o estado de saúde e realizarán toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para ir ao centro educativo. Si o alumno/a tivera febre ou síntomas compatibles con COVID-19 non deberá asistir ao centro debendo chamar ao seu centro de saúde ou ao teléfono 900 400 116 e avisando simultaneamente ao centro educativo.
- Dado que a incorporación é voluntaria, o alumnado que presenta condicións de saúde que os fai máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión o hipertensión arterial), poderá acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.

HORARIO E DISTRIBUCIÓN DAS CLASES LUNS 25 DE MAIO

As clases comezarán no seu horario habitual ás 8:30 h para uns grupos, e ás 8:35 h para outros (ver táboa horaria), para escalonar a entrada do alumnado. Todas as horas de entrada e saída do alumnado das 8:35 h, desprazaranse 5 minutos, tal e como se amosa na táboa para evitar aglomeracións.

No caso de que polo exceso de aforo sexa necesario desdobrar o grupo, o profesorado dividirá a sesión en dous de aproximadamente 20 minutos, rotando co alumnado da aula de reserva, co fin de ter unha sesión con todo o alumnado presente.

Nesta primeira sesión, o profesor ou a profesora da materia organizará a docencia dos seguintes días, en función do nº de alumnos e alumnas presentes, dos seus intereses, das necesidades da materia,...

Horarios			
Réxime ordinario	2 Bac ABCD	2 Bac EFG	Ciclos formativos
Entrada	8:30	8:35	8:30
1º recreo (saída)	10:10	10:15	10:10
1º recreo (regreso)	10:30	10:35	10:30
2º recreo (saída)	12:10	12:15	12:10
2º recreo (regreso)	12:30	12:35	12:30
Saída	14:10	14:15	14:10
Réxime adultos	2 Bac AB		
Entrada	17:00		
Saída	22:30		

Na pantalla do vestíbulo, nos taboleiros das aulas e na páxina web, haberá uns planos do instituto coa distribución de aulas de referencia, de reserva e desdobre.

PROCEDIMENTO PARA ENTRADAS E SAÍDAS.

As entradas e saídas ao Centro realizaranse, con carácter xeral, pola porta EXTERIOR da rúa máis próxima á súa aula (ver táboa inferior). Os itinerarios están sinalados con carteis nos corredores.

Para facilitar os movementos e evitar contactos, **circularase polos corredores pegado á parede da dereita.**

Grupos	Porta de entrada e saída
2 Bac A, B, F, G Ciclos formativos	Rúa Cuntis
2 Bac C, D, E,	Rúa Compostela

ENTRADAS

O alumnado dirixirase á súa aula de referencia. As entradas faranse en fila, gardando a distancia de seguridade de 2 m. O profesor da materia situarase preto da porta e deixará entrar até o máximo de aforo da aula, Superado ese número, o alumnado incorporarase ao aula de reserva do seu grupo.

SAÍDAS

Cando toque o timbre o profesorado sairá ao corredor fronte á porta da clase, e controlará a saída.

En cada planta sairá primeiro o alumnado do grupo coa letra mais baixa (por exemplo grupo A), con axilidade, en fila e gardando a distancia de seguridade de 2 m. Rematado a saída, saíra o grupo B, o grupo C, e así sucesivamente.

RECREOS

O alumnado que permaneza nas instalacións do Centro, o fará gardando estritamente as medidas de seguridade, fundamentalmente a de desprazarse coa máscara posta, e utilízala sempre que non sexa posible gardar 2 m de separación. Evitarase tocar superficies comúns e obxectos, para prever a súa contaminación.

ASEOS

Lembramos que a medida de hixiene mais recomendada e **lavar as mans con auga e xabón e secalas con panos de papel**, que se debe desbotar con coidado na papeleira do aseo. Todos os baños dispoñen de papel para secar as mans e xel hidroalcohólico, por se fose necesario.

MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE

O profesorado e o alumnado que o precise, terá á súa disposición na Conserxaría, unha máscara hixiénica para utilizar no centro. É **OBRIGATORIO** o **uso de máscaras** sempre que non se poidan gardar a distancia mínima de 2 m, e , en todo caso, nos desprazamentos polo centro.

É importante utilizar de xeito responsable os medios de protección e desinfección (máscaras, xel hidroalcohólico, panos dun só uso,...) e respectar medidas de hixiene e seguridade, en especial:

- Entrar e saír das aulas dun xeito ordenado.
- Gardar unha distancia de seguridade de 2 m con outras persoas, e evitar aglomeracións especialmente nos desprazamentos e recreos.
- Sentarse no sitio asignado e non moverse pola aula.
- Non intercambiarse material

AULAS DE DESDOBRE

Haberá catro aulas de desdobre para as materias de desdobre. O profesorado destas materias esperará ao alumnado na porta e vixiará a correcta entrada e saída. Estas aulas de desdobre desinfectaranse entre unha sesión e a seguinte. Con todo, se existe algunha dúbida sobre este proceso, solicitará a intervención do persoal de limpeza ou dun membro do equipo directivo.

AULAS ESPECIAIS

Poderán utilizarse as aulas especiais extremando a precaución e a desinfección dos materiais comúns e vixiando que cada alumno e alumna utilice o seu propio material.